



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E CEGASAL, PARA A DIFUSIÓN, A INFORMACIÓN E A ORIENTACIÓN DO PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN E RECOÑECIMENTO DA CUALIFICACIÓN PROFESIONAL ADQUIRIDA POLA EXPERIENCIA LABORAL NO ÁMBITO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA-FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Formación Profesional da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional,

DECLARA:

Que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional formalizou con CEGASAL o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de outubro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre a Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, e CEGASAL, para pór en marcha un sistema de sensibilización, difusión, captación e inscrición de candidatos, ocupados e desempregados, no procedemento de avaliación, recoñecemento e acreditación das competencias profesionais adquiridas pola experiencia laboral e a formación non formal.

Que o seu obxectivo é cumprir co establecido no Real decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do sistema de formación profesional, regulador do procedemento de acreditación de competencias profesionais adquiridas pola experiencia profesional e por vías non formais de formación.

Que a finalidade última que se persegue coa subscripción deste convenio é facilitar que o procedemento de avaliación, recoñecemento e acreditación das competencias profesionais adquiridas pola experiencia laboral sexa coñecido e valorado por empresas e traballadores e traballadoras como un elemento esencial para a mellora da cualificación da poboación activa, e paso previo para a súa incorporación á formación permanente dos traballadores.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado fundamentase no seguinte:

O procedemento de avaliación e acreditación das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral e/ou formación non formal queda establecido na Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da formación profesional, que regula, no ámbito da competencia exclusiva atribuída ao Estado polo artigo 149.1.1.a e 30.a, coa cooperación das comunidades autónomas, o Sistema nacional de formación profesional, que dota de unidade, coherencia e eficacia a planificación, a ordenación e a administración desta realidade, co fin de





facilitar a integración das distintas formas de certificación e acreditación das competencias e das cualificacións profesionais.

A mencionada lei establece, no seu artigo 91.2, que *"se promoverá a implicación directa das empresas ou os organismos equiparados como destinatarias do procedemento, de maneira que a participación das persoas traballadoras sexa facilitada e xestionada conxuntamente entre as administracións, os axentes sociais e as empresas e organismos"*.

Así mesmo, segundo establece o apartado 3 c) do mesmo artigo, *"as administracións públicas deberán adoptar, conxuntamente coas organizacións sindicais e empresariais máis representativas concernidas en cada territorio, as medidas adecuadas para asegurar o efectivo acceso ao procedemento considerando as necesidades tanto de empresas ou organismos equiparados e sectores profesionais e produtivos, como de colectivos con especiais dificultades de inserción ou integración laboral"*.

E finalmente, o apartado 4 do mencionado artigo indica que *"as organizacións empresariais e sindicais máis representativas, así como outros axentes implicados deberán promover entre persoas traballadoras e empresas ou organismos equiparados o valor engadido de acreditar as competencias de todos os traballadores, así como colaborar na súa difusión, o seguimento e a avaliación"*.

O Real decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do sistema de formación profesional, publicado no Boletín Oficial do Estado número 174, do 22 de xullo, recolle no artigo 178 que *"as administracións competentes deseñarán, conxuntamente coas organizacións empresariais e sindicais máis representativas, así como con asociacións sectoriais representativas, plans estratéxicos anuais para promover e fomentar a acreditación de competencias profesionais entre a súa poboación activa ata que, polo menos o 80% desta, conte coas súas competencias profesionais acreditadas"*.

A Comunidade Autónoma de Galicia recolle no seu Estatuto de Autonomía, a competencia en educación, e en particular a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional é o departamento da Xunta de Galicia ao que corresponden entre outras funcións en materia educativa, a planificación, a regulación e a administración das ensinanzas regradas en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, entre as que se atopan a acreditación de unidades de competencia profesionais no ámbito da formación profesional.

É de interese para a Comunidade Autónoma de Galicia establecer un marco de colaboración cos distintos actores sociais e económicos para pór en marcha un sistema de sensibilización de empresas, traballadores e traballadoras, difusión, captación e inscrición de candidatos; e no exercicio das competencias sinaladas, a consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional considera de indubidable interese a sinatura dun convenio con CEGASAL, para identificar a súa participación no procedemento de avaliación, recoñecemento e acreditación das competencias profesionais.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura deste instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria xustificativa, en Santiago de Compostela na data da sinatura electrónica.

A directora xeral de Formación Profesional

M^a Eugenia Pérez Fernández

